

DEPORT/2019/11

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **20 DE NOVIEMBRE DE 2019**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2019, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2018.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das solicitudes presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2019 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2018, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 17/01/2019 e publicadas no B.O.P. o día 28/02/2019, cunha consignación por importe total de 32.000,00 €. Así como dáse conta dos informes de intervención e secretaría delegada e informe do Sr. director Deportivo.

Procédese a examinar os expedientes e as xustificacións presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, producíndose un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar a concesión a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, por importe total de 31.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	ACTIVIDADE	IMPORTE
- CLUB AROSA, S.C.	. VII TORNEO CLAE VIAXES CIDADE DE VILAGARCÍA	4.700,00 €
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	VILAGARCÍA BASKET CUP 18	4.600,00 €
- CLUB VILAROUA XIMNASIA	II TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUA	400,00 €

(Considerando que ao tratarse a Memoria explicativa dun documento adxunto do rexistro presentado asinado polo representante dixilmente como asinada)

- ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7	. XXIII TORNEO AROUSA F-7	10.000,00 €
- CLUB CICLISTA XIABRE	. XXIII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ	500,00 €
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. IV TORNEO ENCESTARÍAS	6.500,00 €
- AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. IIITROFEO ATLETISMO MAZÍ CIDADE DE VILAGARCÍA	400,00 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XVI MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	3.400,00 €
- AGRUPACIÓN DEP. E CULT. RASPA	. CTO. GALEGO INDIVIDUAL PESCA SUBMARIÑA	200,00 €
- BASKET BASE CLUB	. DÍA DO MINIBASKET	200,00 €
- CLUB DEPORTIVO BAMIO	TORNEO DE CADETE F-11	100,00 €
Total concesión de subvencións		31.000,00 €

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao apartado 8 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: “8.- Tramitación.- “A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de **DEZ DÍAS hábiles** a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite”, posto que unha vez finalizado o prazo de subsanación, non presentaron ou presentaron parte/toda a documentación incorrecta que se lle requirira:

. CLUB DEPORTIVO PÉREZ SUB, para a organización do XVI CAMPIONATO GALEGO DE APNEA INDOOR.

. CLUB DEPORTIVO REMO VILAXOÁN, para a organización do CAMPIONATO TERRITORIAL SUR DE BATEIS.

. CLUB ATENAS RUNNING VDA, para a organización da TRIZANCADA SOLIDARIAS.

3.- Non conceder subvención ao MOTOCLUB VFM, para a organización da ENTREGA DE PREMIOS VF CHALLENGE MOTO RACE , conforme ao informe do Sr. director Deportivo,



ao ser considerado un acto protocolario dun evento deportivo que segundo as bases non é subvencionable.

4.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan toda a documentación xustificativa correcta, con cargo á partida 341-483,01.

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	ACTIVIDADE	IMPORTE
- CLUB AROSA, S.C.	. VII TORNEO CLAE VIAxes CIDADE DE VILAGARCÍA	4.700,00 €
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	VILAGARCÍA BASKET CUP 18	4.600,00 €
- CLUB VILAROSA XIMNASIA	II TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROSA	400,00 €
- ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7	. XXIII TORNEO AROUSA F-7	9.622,31 €
- CLUB CICLISTA XIABRE	. XXIII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ	56,59 €
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. IV TORNEO ENCESTARÍAS	6.453,37 €
- AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. IIITROFEO ATLETISMO MAZÍ CIDADE DE VILAGARCÍA	400,00 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XV MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	3.400,00 €
- AGRUPACIÓN DEP. E CULT. RASPA	. CTO. GALEGO INDIVIDUAL PESCA SUBMARIÑA	200,00 €
- BASKET BASE CLUB	. DÍA DO MINIBASKET	200,00 €
- CLUB DEPORTIVO BAMIO	TORNEO DE CADETE F-11	<u>93,38 €</u>
Total recoñecemento da obriga		30.125,65 €

5.- Anular parte da subvención concedida aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao artigo 6.2 a das devanditas bases, que dí literalmente o seguinte: “6.2 a.- Para a xustificación da subvención será necesario a presentación da totalidade das facturas ata completar o 100% do balance económico presentado na súa solicitude do evento subvencionado, para recibir a totalidade da subvención, requeríndose a xustificación do pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado,



aboarase a parte proporcional da subvención”:

. ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7, pola organización do XXIII TORNEO AROUSA F-7 , por importe de 337,69 €.

. CLUB CICLISTA XIABRE, pola organización da XXIII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ, por importe de 443,41 €, dado que só xustifica o pagamento das facturas presentadas por importe de 56,59 €.

. ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS, pola organización do IV TORNEO ENCESTARÍAS , por importe de 46,63 €.

. CLUB DEPORTIVO BAMIO, pola organización do TORNEO DE CADETE F-11, por importe de 6,62 €

6.- Aprobar co sobranse producido dos expedientes de Clubes/Entidades Deportivas que se denegaron a súa concesión ou parte do seu recoñecemento da obriga, de acordo aos parágrafos anteriores, que ascende á cantidade de 1.874,35 €. Que se leve a cabo un novo reparto porcentual en función do balance presentado polos clubs sempre e cando a subvención concedida non supere o 25% do mesmo, polo que se aproba conceder a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, con cargo á partida 341-483,01:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	ACTIVIDADE	IMPORTE
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	VILAGARCÍA BASKET CUP 18	693,51 €
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. IV TORNEO ENCESTARÍAS	805,97 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XV MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	374,87 €
	Total	1.874,35 €

Así como aprobar o seu recoñecemento da obriga, agás á Asociación Deportiva e Cultural Encestarías, que se lle debe aplicar o prorrateo por non alcanzar a súa xustificación o 100% do balance presentado, resultando o seu recoñecemento da obriga, por importe de 800,17 € e, a súa anulación por importe de 5,80 €.

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e cinco de novembro de dous mil dezanove.